



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
JGL/2019/19	A Xunta de Goberno Local

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Constitucion da Xunta de Goberno Local e asuntos urxentes»
<b>Data</b>	27 de xuño de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 12:45 ata as 13:00 horas
<b>Lugar</b>	Alcaldía
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
	Carlos Plácido Buján López	SÍ
	Ivan Morado Corral	SÍ
	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
	Paula Campo Barral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

## Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Marisol Morandeira Morandeira (1 para 2)  
Alcaldesa  
Data de Sinatura: 27/06/2019  
HASH: b0066ac6536c3ae7e1f2315425d55bd5a



Rafael José del Barrio Berbel (2 para 2)  
Secretario  
Data de Sinatura: 27/06/2019  
HASH: a170a6c0fee53680b19a2fa0c50ba6c6b0

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE5JG9439H9GDDXSDRXTXF47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10




## Concello de Guitiriz

### Dar conta da constitución da Xunta de Goberno Local

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

 O obxecto deste punto é proceder á constitución da Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Sra. alcaldesa declara constituída a Xunta de Goberno Local, composta pola alcaldesa que a preside, dona María Sol Morandeira Morandeira, e os seguintes concelleiros e concelleiras:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde.  
Don Carlos Plácido Buján López, segundo tenente de alcalde.  
Dona Laura Ageitos Miragaya, terceira tenente de alcalde.  
Don Iván Morado Corral, cuarto tenente de alcalde.

Seguidamente a Xunta de Goberno Local dáse por enterada e toma razón das atribucións que lle delega a alcaldesa, en virtude da resolución de data 19 de xuño de 2019 de constitución, nomeamento e delegación de competencias, que son as seguintes:

- a) *A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.*
- b) *As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:*

#### 1. En materia económica:

*-O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas (fase O) a partir de 10.000 euros, así como a ordenación de pagos (fase P) de todas as obrigas recoñecidas pola Xunta de Goberno, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, as disposicións de desenvolvemento, e as bases de execución do orzamento municipal.*

*- A aprobación das bases e convocatorias para ou outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo; e o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal.*

*-Aprobación das modificacións orzamentarias de competencia de alcaldía.*

*-Aprobación dos recoñecementos extraxudiciais de créditos de competencia de alcaldía.*

#### 2. En materia de persoal:

*- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.*

## Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: SSEEJGS439H9GDDXSBRXTXF47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 2 a 10



## Concello de Guitiriz

*-A aprobación das bases e das convocatorias para a selección de empregados públicos, e para os concursos de provisión de postos de traballo, e o nomeamento do/s candidato/s proposto/s polo Tribunal de valoración.*

*-A incoación e resolución de expedientes disciplinarios aos empregados públicos municipais conforme á normativa de aplicación, e a adopción das medidas cautelares que procedan.*

### 3. En materia de urbanismo e obras:

*- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

*- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.*

*-O outorgamento de licenzas urbanísticas de actividades e obras maiores, obras de edificación, licenzas de segregación ou parcelación, e licenzas de primeira ocupación ou primeira instalación; así como as liquidacións ou autoliquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.*

*- A incoación e resolución de expedientes de disciplina urbanística, tanto sancionadores como de reposición da legalidade urbanística.*

### 4. En materia de contratación administrativa:

*- As contratacións de obras, de subministracións, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, engadidos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.*

*- As concesións sobre bens e adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe ni a contía indicados. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.*

*-Os contratos menores corresponderan á alcaldía por motivos de eficacia e celeridade administrativa.*

## Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz, 27300 (Lugo), Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SESUG9439HGDDXSDRXTX-F47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



## Concello de Guitiriz

### 5. En materia de servizos sociais:


-Aprobación das altas, baixas e modificación de horarios dos usuarios dos servizos municipais de Punto de Atención á Infancia, Servizo de Axuda no Fogar e Centro de Día, así como as liquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade."

### **Concesión de licenza de obra de reconstrución de muro de contención de terras de formigón armado e pedra de 3m de altura no lugar de . Expte: 421/2019.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

unto: Concesión de licenza de obra de reconstrución de muro de contención de terras de formigón armado e pedra de 3m de altura no lugar de . Expte: 421/2019.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

-Solicitude de don e de licenza de obra para reconstrución de muro de contención de terras de formigón armado e pedra de 3m de altura no lugar de de acordo co proxecto técnico do enxeñeiro de minas don Fernando Garro Novillo; RE nº 922 de data 15/03/2019. Consta autoliquidación tributaria presentada polo interesado por importe de 85,03 euros.

-Tramitado o expediente (subsanción de deficiencias, requerimentos de documentación, solicitudes de informes ou autorizacións sectoriais) emítese informe técnico favorable pola arquitecta técnica municipal, dona Ana Blanco Pazos, en data 6/06/2019.

-Informe xurídico de secretaría de data 25/06/2019.

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas e a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP de 25/02/2012).


Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 9 de novembro, e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE5JG9439H9GDXSDRXTXF47 | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



## Concello de Guitiriz

*caso de deterioro das estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.*

7. Entenderase concedida sen prexuízo de terceiros e tomaranse as medidas necesarias para non poñer en perigo a seguridade pública nin provocar molestias innecesarias coa execución das obras.

8. Os residuos de construción producidos durante a execución das obras serán xestionados conforme ao establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

9. As actuacións sobre os muros de pedra tradicionais respectarán a posición existente e a reconstrución dos mesmos deberá conservar a tipoloxía tradicional, empregando, de ser necesario, pedras de características e tamaño similar non podendo empregarse aplacados de pedra que imiten cachotería ou outros materiais de efecto distorsionador.

10. En aplicación do establecido no artigo 233º do Decreto 83/2018, polo que se aproba o Plan Básico autonómico, no que respecta ás condicións estéticas do muro tomaranse como referencia as guías da colección Paisaxe Galega, en particular a Guía de boas prácticas para a intervención non núcleos rurais, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a Guía de cores e materiais.

11. Extremos da licenza segundo o disposto no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, de 9 de novembro:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo non urbanizable (NSPM viventes), Solo Rústico.
- b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: reconstrución de muro
- c) Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos:
  - 15 m<sup>2</sup>
  - 5,00 M
  - 3,00 m.
- d) Orzamento de execución material: 2.501,46 euros
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou cordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse escrito: lugar de Bañobre, Labrada Referencia catastral: 27022A224000990000MZ
- f) Nome ou razón social da persoa promotora: Marcial Loberias Bañobre
- g) Técnico autor do proxecto e dirección facultativa das obras: Fernando Garro Novillo

SEGUNDO.- A autoliquidación da taxa por licenza urbanística e ICIO efectuada polo interesado por importe de 85,03 euros, entenderase sen prexuízo da fiscalización posterior por parte da Intervención Municipal e de que unha vez finalizada a instalación e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modifique, no seu caso, a base impositiva impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Ampliación de explotación de vacún de leite: cuberta sobre fosa de zurro existente en Abeleira nº3, O Buriz, (San Pedro). Ameneiral, SC. Expte: 992/2018.**

## Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE8G9439H9GDXXSDRXTX47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



## Concello de Guitiriz

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a don \_\_\_\_\_ licenza de obra para reconstrución de muro de contención de terras de formigón armado e pedra de 3m de altura no lugar de \_\_\_\_\_ de acordo co proxecto técnico do enxeñeiro de minas don Fernando Garro Novillo, baixo os seguintes condicionantes que constan no expediente:

1. Esta licenza enténdense concedida de conformidade co establecido na Lei do Solo de Galicia e normativa concordante, salvo dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír ou diminuí-la responsabilidade civil ou penal na que incorrerá o/a beneficiario/a no exercicio das súas actividades.

2. Lémbrese que é requisito indispensable en tódalas obras dispor ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas obras maiores de cartel indicador no que se faga constar o nome dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que vai destinada a construción, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

3. Consonte ao disposto no artigo 145 da Lei do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do outorgamento desta licenza, non podendo interromperse por tempo superior a seis meses. Os prazos de iniciación e suspensión máxima, non interromperán o prazo máximo de execución. Poderá concederse prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

4. As obras executaranse de conformidade co proxecto autorizado e baixo a dirección do técnico designado ao efecto, nos termos que determina a lexislación vixente.

5. De conformidade co artigo 7º do Real Decreto 1627/1997 que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o contratista que execute as obras elaborará un Plan de Seguridade e Saúde en aplicación do Estudio ou Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto de execución, que deberá ser aprobado, antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade ou o director das obras, segundo proceda, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

6. Requirirase autorización municipal previa ocupación da vía pública por estadas, contedores, materiais e demais instalacións provisionais necesarias para a execución das obras. Non se afectará a ningún elemento das calzadas e beirarrúas (pavimentos, mobiliario, canalizacións, gabias, etc.), debendo responder o promotor polos posibles danos que poida causar sobre os mesmos. No

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE5U9439H9GDDXSDRXTX47 | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 de 10



## Concello de Guitiriz

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentiment 0
<b>Ampliación de explotación de vacún de leite: cuberta sobre fosa de zurro existente en</b> _____ <b>Expte: 992/2018.</b>	
<p>Dona maría Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.</p> <p>Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Solicitud de don _____, en representación de Ameneiral, S.C., de data 19/07/2018, RE nº 2576, de licenza urbanística para ampliación de explotación de vacún de leite: cuberta sobre fosa de zurro existente en _____, de acordo co proxecto técnico do enxeñeiro técnico agrícola don Jacobo Pazos García, con visado colexial de data 1/04/2018.</li><li>-En Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de xullo de 2004, e ao abeiro da D.T. 11ªda Lei 9/2002 LOUG, acordouse o recoñecemento da existencia da explotación agropecuaria existente a nome de Dna. _____ con localización no lugar de _____ Os Vilares, inscrita no Censo de Explotacións Agrarias da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural co número 27/022/00199. Non consta no expediente de recoñecemento, a ubicación exacta en relación co parcelario existente, a explotación conta con diversas construcións espalladas en distintas zonas do lugar de _____. Segundo a documentación que consta no concello, a titular da explotación forma parte da sociedade Ameneiral, S.C.</li><li>-Licenza definitiva de ampliación da actividade outorgada por Decreto de Alcaldía de data 18/01/2013.</li><li>-Informe favorable emitido polo Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo de data 26 de setembro de 2.018.</li><li>-Resolución de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 24 de abril de 2019.</li><li>-Autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 18 de setembro de 2018.</li><li>-Informe favorable do técnico municipal de medio ambiente de data 3/06/2019.</li><li>-Informe favorable da arquitecta técnica do Concello de data 5/06/2019, coas condicións xerais e específicas que se recollen.</li><li>-Informe xurídico de secretaría de data 7/06/2019.</li></ul> <p>Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.</p> <p>Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.</p>	

## Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SESJG9439H9GDDXSDRX7X47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 7 a 10



## Concello de Guitiriz

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Ameneiral, S.C., licenza urbanística para ampliación de explotación de vacún de leite: cuberta sobre fosa de zurro existente en , de acordo co proxecto técnico do enxeñeiro técnico agrícola don Jacobo Pazos García, con visado colexial de data 1/04/2018, baixo os seguintes condicionantes que constan no expediente:

1.- De acordo co establecido no artigo 39 e) da Lei do solo de Galicia o interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación total da superficie real do predio á construción e uso autorizado, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan:

Dado que se condiciona á eficacia da licenza ao cumprimento deste requisito esencial, o interesado deberá xustificar ante o Concello o seu cumprimento antes do comezo das obras.

2.- Esta licenza enténdense concedida de conformidade co establecido na Lei do Solo de Galicia e normativa concordante, salvo dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír ou diminuí-la responsabilidade civil ou penal na que incorrerá o/a beneficiario/a no exercicio das súas actividades.

3.-Lémbrese que é requisito indispensable en tódalas obras dispor ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas obras maiores de cartel indicador no que se faga constar o nome dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que vai destinada a construción, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

4.- As obras executaranse de conformidade co proxecto completo aprobado e baixo a dirección de técnico competente polo que deberá achegarse nomeamento de director/es facultativos de obra nos termos que determina a lexislación vixente, calquera modificación que se pretenda introducir no mesmo requirirá previa autorización ou conformidade do Concello.

5.-Atenderase aos condicionantes do informe do técnico de medio ambiente de data 5/09/2018 e da Declaración de incidencia ambiental de data 13/09/2018 que se adxuntan á presente resolución.

6.-Consonte ao disposto no artigo 145 da Lei do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do outorgamento desta licenza, non podendo interromperse por tempo superior a seis meses. Os prazos de iniciación e suspensión máxima, non interromperán o prazo máximo de execución. Poderá concederse prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

7.-Requirirase autorización municipal previa ocupación da vía pública por estadas, contedores, materiais e demais instalacións provisionais necesarias para a execución das obras. Non

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3S5EJG9439H9GDDXSDRXTXF47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





## Concello de Guitiriz

se afectará a ningún elemento das calzadas e beirarrúas (pavimentos, mobiliario, canalizacións, gabias, etc.), debendo responder o promotor polos posibles danos que poida causar sobre os mesmos. No caso de deterioro das estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

8.- Os residuos de construción producidos durante a execución das obras serán xestionados conforme ás disposicións do proxecto e nos termos que determina o R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. En todo caso, requirirase autorización municipal previa ocupación da vía pública por estadas, contedores, materiais e demais instalacións provisionais necesarias para a execución das obras. Non se afectará a ningún elemento das calzadas e beirarrúas (pavimentos, mobiliario, canalizacións, gabias, etc.), debendo responder o promotor polos posibles danos que poida causar sobre os mesmos. No caso de deterioro das estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

9.- As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. De conformidade co seu artigo 7º que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o contratista que execute as obras elaborará un Plan de Seguridade e Saúde en aplicación do Estudo ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde do proxecto de execución, que deberá ser aprobado, antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade ou o director das obras, segundo proceda, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

10.-En cumprimento do disposto nos artigos 39º e 91º da LSG sobre as condicións de edificación e de adaptación ao ambiente, as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural debendo adaptar a construción ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía natural do terreo. Plantaranse as especies arbóreas e arbustivas necesarias nas zonas perimetrais da instalación, de xeito que se oculten as instalacións dende camiños, estradas e vivendas próximas.

11.-Unha vez rematadas as obras, presentarase a comunicación previa para a posta en funcionamento da instalación nos termos que determina o artigo 24º.2 da Lei 9/2003 do emprendemento e da competitividade de Galicia, debendo presentar, entre outros documentos, o certificado final de obra emitido polo técnico director das mesmas que acredite que estas foron executadas de conformidade co dito proxecto, e que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

12.-Extremos da licenza segundo o disposto no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, de 9 de novembro:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Non Urbanizable (NSPM), Solo Rústico (DT1ª Lei 2/2016)

b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Explotación de vacún de leite

c) Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos:

OCUPACIÓN: 4,85 %  
ALTURA MÁXIMA: 6,07 m.  
RECUAMENTOS A LINDES:  $\geq 5$  m  
DISTANCIA A VIVENDAS:  $\geq 100$  m  
DISTANCIA A NÚCLEOS:  $\geq 500$  m (sen base territorial)

d) Orzamento de execución material: 332.416,22 euros

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou cordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse escrito: Pena Viso-Campoverde, O Buriz (San Pedro); Referencia catastral: 27022A061008040000TM.

f) Nome ou razón social da persoa promotora: Vitorio SC, CIF J27499342

g) Técnico autor do proxecto e dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE5JG9k39H9GDDXSDRXTXF47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



## Concello de Guitiriz

saúde: Cristina Fraga Sanjurjo.

SEGUNDO.- A autoliquidación da taxa por licenza urbanística e ICIO efectuada polo interesado entenderase sen prexuízo da fiscalización posterior por parte da Intervención Municipal e de que unha vez finalizada a instalación e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modifique, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz, 27300 (Lugo), Tfno. 982370109, Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0020 Data: 27/06/2019



Cod. Validación: 3SE5UG9439H9GDDXSRXTX47 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10